

Drupal 11 Back-End Development

Descrición

O curso de Drupal 11 Back-End Development, é unha acción formativa cuxo propósito é a capacitación profesional dos/as seus/suas traballadores/as para o deseño, desenvolvemento, implantación e xestión de portais Web, utilizando Drupal.

Drupal é un Sistema de xestión de contidos (CMS, Content Management System) que se distribúe como software libre, polo que pode ser modificado e distribuído libremente.

A través deste curso o alumnado será capaz de desenvolver novas funcionalidades en Drupal que permitan adaptar un sitio web aos requisitos funcionais requiridos. Estará capacitado para afrontar, tanto individualmente como en equipo, o deseño e implementación de sitios web complexos. A capacitación adquirida seralle de gran axuda para mellorar no seu posto de traballo ou mesmo emprender un proxecto propio baseado en tecnoloxías web.

HORARIO DAS CLASES VIRTUAIS: de luns a mércores de 16:30 a 20:30 horas

DÍAS LECTIVOS:

- Xaneiro: do 19 ao 21 e do 26 ao 28
- Febreiro: 16 e 17
- Marzo: do 9 ao 11, o 23 e o 24
- Abril: o 13 e o 14

Obxectivos

O obxectivo principal do curso en Drupal 11 Back-End Development é a capacitación do alumnado como desenvolvedores Back-End para o desenvolvemento de módulos personalizados con Drupal 11.

Para chegar a este obxectivo é necesario cumprir estes obxectivos secundarios:

- Coñecer as principais ferramentas e linguaxes de programación. Drupal 11 require un coñecemento máis amplo de PHP e de programación orientada a obxectos. Ademais, traballaremos con ferramentas de programación que facilitan o traballo do/a desenvolvedor/a e fano máis produtivo.
- Coñecer a API e estruturas de programación de Drupal 11. É necesario coñecer a API de Drupal 11 e as novas estruturas dispoñibles.
- Crear módulos desde cero e estender módulos existentes. Ademais de crear módulos desde cero, tamén aprenderemos a estender e modificar funcionalidades achegadas polo núcleo ou por calquera módulo contribuído.
- Adaptación a cambios na API. O alumnado terá os coñecementos necesarios para adaptarse aos continuos cambios de versión de Drupal 11 e realizar os cambios que se poidan requirir no código dos seus módulos.

Dirixido a

O curso de Drupal 11 Back-End Development vai dirixido a:

- Desenvolvedores/as con coñecementos de Drupal 11 a nivel de Site Building que desexan profundar na programación de módulos personalizados. Recoméndase cursar primeiro o curso de Drupal 11 Site Building.
- Calquera persoa que, sen coñecementos de programación previos, desexa reorientar a súa carreira profesional cara á programación e o desenvolvemento de sitios web con Drupal 11.

BENEFICIOS

Diploma de asistencia

Opción gratuita dun exame de certificación oficial

Perfil do docente

Encargarase de impartir os cursos o profesional Francisco Gil Rodríguez, fundador e director xerente de Forcontu S.L.

<https://www.linkedin.com/in/fran-gil/>

PROGRAMA

Programación 2025/26

Drupal 11 Back-End Development

TIPO	CURSO
MATRÍCULA	Gratuíta
PERIODO INSCRICIÓN	19/11/2025 - 07/12/2025
PROBA DE SELECCIÓN	09/12/2025 (19:30)
CRITERIOS DE SELECCIÓN	Proba técnica presencial no CNTG en Santiago de Compostela
Nº PRAZAS	16 (Mínimo 10)
METODOLOXÍA	Virtual + teleformación
TIPO DE EDICIÓN	Edición única tarde (desempregados/as e ocupados/as)
DURACIÓN	180 horas (60h virtuais, 120h teleformación)
DATA INICIO	19/01/2026
DATA FIN	26/04/2026
HORARIO	Clases virtuais: de luns a mércores de 16:30 a 20:30 horas. Do
CERTIFICACIÓN OFICIAL	Sí
EXAME CERTIFICACIÓN	Experto Forcontu en Drupal 11 Back-End Development
MÓDULOS TRANSVERSAIS	Igualdade de 10 horas
TECNOLOXÍA	Drupal
PERIODO DOCENCIA	19/01/2026 - 26/04/2026

Temario

Impartirase o seguinte temario durante o curso:

0. Tecnoloxías previas (PHP e MySQL)
1. Contorna de desenvolvemento
2. Instalación de Drupal
3. Arquitectura de Drupal
4. Boas prácticas de desenvolvemento con Drupal
5. Drush
6. Introducción á creación de módulos
7. Encamiñamento e menús
8. Introducción á API de Configuración
9. Bases de datos I: Creación de táboas
10. Bases de datos II: Sentenzas select, insert, update e delete
11. Formularios I: Creación de formularios
12. Formularios II: Elementos de formulario
13. Formularios III: Ampliación de formularios
14. Plugins I: Introducción a plugins e bloques
15. Usuarios e permisos
16. Theming I: Creación de temas e persoais
17. Theming II: Theming en módulos
18. Plugins II: Tipos de plugins e servizos
19. Entidades I: Entidades de configuración
20. Entidades II: Entidades de contido
21. Formatos de texto e filtros
22. Arquivos e imaxes
23. Sistema de procura
24. Tradución de módulos
25. Formularios IV: jQuery e Ajax
26. Programación de actualizacións
27. Programación de vistas
28. Eventos
29. Envío de emails
30. Cache API
31. Programación de tarefas de cron e colas
32. Programación de receitas